



## EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO

Praza Maior nº1. C.P.: 27850 Viveiro (Lugo) Tel.:982562968 Fax:982562968

# XXXVIII FEIRA DE ARTESANÍA DE VIVEIRO 2022

### DATAS:

- Inauguración: venres 12 de agosto de 2022 ás 18:00 horas.
- Clausura: domingo 21 de agosto de 2022 ás 22:00 horas.

### UBICACIÓN:

- Xardíns Noriega Varela (Viveiro)

### HORARIO:

- Mañá: de 11:00 a 14:00 horas
- Serán: de 17:30 a 22:00 horas

\* Debido á situación sanitaria poden darse cambios no horario ou nas condicións

### MONTAXE:

- Carpas tipo “Haima”, tamaño 5x5 metros, dividida en dúas partes, unha dedicada a exposición de 5x2 metros con solo de tarima e moqueta , e outra de 5x3 metros dedicada ó público.
- A **montaxe** do *stand* tradicional farase na mañá do venres **12/08/2022**, tendo que estar montado unha hora antes da apertura (ás 17h) para que a organización poida revisar cada *stand* e as pezas presentadas.
- A **desmontaxe** do *stand* tradicional farase a noite do domingo **21/08/2022**, sempre despois das 22:15h., unha vez estea a mercancia empaquetada e lista para cargar.
- *Stand*s panelados de **3x2** metros.
- Este 2022, como novidade, contaremos cun **stand efémero** que irá cambiando de expositores. Estes deberán ter un produto propio e creativo e cumprir as condicións xerais da feira, debendo ter montado antes da apertura da mañá e desmontando unha vez pechado o acceso ó público á noite. A organización resérvase o dereito de utilizar este espazo para levar a cabo diversas actividades co fin de dinamizar a feira.

### CONDICIÓN XERAIS:

- A **solicitud** de participación deberá estar presentada **antes do 20/05/2022** no correo electrónico [feiradeartesianiadeviveiro@gmail.com](mailto:feiradeartesianiadeviveiro@gmail.com) especificando en asunto “Solicitud feira 2022”.
- A organización contestará á recepción de cada solicitud. En caso de non recibir esta resposta, deberedes poñervos en contacto coa organización antes do 22/05/2022.
- Debido á situación sanitaria, e para que a feira sexa un exemplo cara ó público visitante, os artesáns participantes deberán cumprir as normas sanitarias anti-covid existentes nese momento, sendo obrigatorio manter a distancia interpersonal con público e compañeiros e a prohibición de fumar dentro do recinto da feira.



## EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO

Praza Maior nº1. C.P.: 27850 Viveiro (Lugo) Tel.:982562968 Fax:982562968

- DOCUMENTACIÓN NECESARIA:
  1. Modelo de solicitude debidamente cumprimentado, segundo se escolla stand tradicional ou efémero.
  2. Fotocopia da Carta de Artesán ou documento análogo expedido pola autoridade competente, segundo se pide en cada folla de solicitude.
  3. Fotocopia do DNI e fotocopia do NIF da empresa de telo.
  4. Copia do recibo de pago da última cota de autónomos ou declaración responsable correspondente, así como certificado de alta no IAE.
  5. Tres fotografías, mínimo, dos produtos que desexa presentar na feira.
  6. Unha fotografía ou esbozo do *stand* que se ten previsto montar.
- A selección de participantes comunicarase por correo electrónico o 30/05/2022. Dita selección farase con base ós criterios que se desagregan a continuación, tanto para o stand tradicional como para o efémero:
  1. Que a documentación esixida na solicitude sexa lexible e estea completa.
  2. Que estean representadas o maior número posible de disciplinas artesanais, tendo preferencia, en igualdade de condicións, que sexan de Viveiro ou da comarca (por esa orde).
  3. Que os produtos presentados sexan orixinais, innovadores, ecolóxicos, sustentables ou representen calquera outro valor engadido, consolidado ou pioneiro, á oferta que habitualmente se fai dende o sector artesanal.
  4. A rotación de artesáns, mantendo como primordiais os puntos anteriores.
- A distribución de espazos é un dereito exclusivo da Organización da Feira
- A organización resérvase o dereito a retirar da feira todo aquel produto que non se considere artesanal ou de elaboración propia.
- Deberase realizar unha **actividade artesanal propia**, con materiais de calidade demostrable e garantindo unha variedade ampla de produtos para toda a duración da feira.
- A organización encargarse de fotografar tódolos *stands* co fin de publicitar a feira en redes sociais.
- As persoas participantes comprométense a **cumprir os horarios** de apertura e peche diarios da feira, non podendo pechar antes nin abrir máis tarde.
- **Non** está permitida a presenza de **animais** nos *stands*.
- No caso de compartir *stand*, a organización esixe a presentación da documentación solicitada a cada un dos participantes
- A organización asegura a vixilancia dos postos instalados na feira nas horas en que non estea aberta ó público. A vixilancia nocturna correrá a cargo dunha empresa profesional.
- A revenda de produtos non está permitida, sendo causa de expulsión da feira.



## EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO

Praza Maior nº1. C.P.: 27850 Viveiro (Lugo) Tel.:982562968 Fax:982562968

- A organización non se fará responsable de danos derivados de condicións meteorolóxicas adversas.
- A organización resérvase o dereito de expulsión de calquera participante que altere a normal convivencia entre artesáns, público e organización ou que non cumpra coa normativa sanitaria vixente.
- O artesán comprométese a enviar, una vez confirmada a súa solicitude de participación e antes do comezo da feira, una relación valorada das pezas a presentar.
- É imprescindible que tódolos participantes cumpran as normas de montaxe e desmontaxe que o Excmo. Concello de Viveiro impón para tales efectos á organización, sendo causa o seu incumprimento da non selección do artesán en vindeiras edicións.
- **Tódolos participantes que desexen recibir factura pola súa aportación económica deberán solicitalo expresamente na folla de solicitude.** A factura seralles entregada en agosto.

**PREZOS: Stand Tradicional: 390€/10 días; Stand Efémero 65€/1 día**

Os artesáns seleccionados deberán abonar dito importe e enviar por correo electrónico o correspondente xustificante de pago antes do 1 de xullo de 2022. De producirse a cancelación da feira por motivos alleos á organización antes do 01/08/2022 devolverase o importe aportado polos artesáns. Despois desa data non se devolvería ese importe nin se terá dereito a reclamacións económicas.

Queremos seguir facendo da Feira de Artesanía de Viveiro un dos referentes deste tipo de eventos en Galicia, polo que no presente ano queremos seguir cumprindo con todas as normas sanitarias entre o público e entre os artesáns, para o que vos pedimos máximo respecto e sentido.

Ofreceremos, entre os stands tradicionais, **DOUS PREMIOS EN METÁLICO:**

- **UN DE 200€ Á MELLOR PRESENTACIÓN DO STAND**

- **UN DE 100€ Ó MELLOR PRODUTO** (sexa por orixinal, innovador, ecolóxico, sostible ou por calquera outro valor engadido)

Agardamos que, coma sempre, os participantes colaboren cunha presentación óptima dos espazos e produtos.

Información e contacto: [feiradeartesianiadeviveiro@gmail.com](mailto:feiradeartesianiadeviveiro@gmail.com)

Tlfs: Noela 636 73 76 08 / Paula 637 57 04 44

Atentamente, Feira de Artesanía de Viveiro



Excmo. Concello de Viveiro + Asociación PROA

